

Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf: 988434666 Fax: 988434610  
[concello.entrimo@idolocal.es](mailto:concello.entrimo@idolocal.es)

**CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)**

**BASES PARA SELECCION MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS DE DOUS PEÓNS DE SERVIZOS VARIOS**

**1º. Obxecto**

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal para obra ou servizo determinado, polo Concello de Entrimo, de dous peóns para servizos varios.

**2º.- Duración do contrato**

O contrato será a media xornada, para obra ou servizo determinado, con duración de doce meses.

**3º.- Requisitos dos aspirantes**

De conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei Estatuto Básico do Empregado Público, para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tareas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Solo por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ó ultimo día do prazo de presentación de solicitudes.


**4º.- Retribucións**

As retribucións estipuladas para este posto de traballo ascenden a 518,88 euros brutos ó mes (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

**5º.- Funcións**

As función que se asignan ao posto de traballo son as seguintes:

- Limpeza viaria
- Limpeza de sumidoiros e rede de sumidoiros



**CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)**

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eiddolocal.es*

- Mantemento da rede de auga: cloración e pequenos traballos que non presenten especial complexidade técnica.
- Acondicionamento e mantemento de xardíns e zonas verdes.
- Conducción e manexo de vehículos de titularidade municipal para os que se precise permiso de conducir clase B.
- Colaboración na organización e realización de actos e festexos, cando así o ordena a autoridade municipal.
- Calquera outro acto de natureza similar non relacionado que sexa ordenado pola autoridade municipal.

**6º.- Méritos que se valoran**

A selección dos aspirantes realizarase por concurso de méritos e farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

1.- Por experiencia profesional: Ata 6 puntos.

a) Por servicios prestados na Administración Local en postos de peón de obras, forestal, de servizos varios, chófer ou outros postos de características similares ás do posto ofertado á que aspira: 0,20 puntos por mes traballado completo ou fracción.

b) Por servicios prestados noutras Administracións Públicas, organismos públicos ou en calquera institución ou empresa privada en postos de peón de obras, forestal, de servizos varios, chófer ou outros postos de características similares ás do posto ofertado á que aspira: 0,10 puntos por mes traballado completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2.- Por demandantes de emprego: 2 puntos

3.- Por coñecemento do termo municipal de Entrimo. 2 puntos.

Valórarse o empadroamento no Concello de Entrimo. Achegarase certificado de empadroamento.


No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida no punto 1.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

**7.- Forma e prazo de presentación de solicitudes**

As persoas interesadas en tomar parte neste proceso selectivo deberán face-la solicitude mediante modelo normalizado, a facilitar nas oficinas municipais, no que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira da presente convocatoria.

A solicitude deberá presentarse no prazo de 5 días naturais no Rexistro Xeral do Concello de 09:00 a 14:00 horas ou na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ó



**CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)**

Concello, que deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admintidas (fax do concello: 988434610).

O referido prazo computarase a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da presente convocatoria no BOP.

Á instancia achegarase os seguintes documentos:

- a) Fotocopia cotexada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b) Relación dos méritos alegados.
- c) Xustificantes dos méritos alegados mediante certificacións ou copias debidamente validadas.
- d) Declaración xurada de cumplir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como a de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade prevista na lexislación vixente (anexo II)
- e) Certificado médico ou declaración xurada de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (anexo III)

Os méritos non xustificados documentalmente non serán obxecto de valoración.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

**8º.- Adminisión de aspirantes**

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de Entrimo. Nesta lista indicarase nome, apelidos, DNI e causa de exclusión, no seu caso.


Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán do prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do concello, para subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da relación de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanaren a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos. En caso de presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aproba a lista definitiva, que se fará pública do mesmo xeito. Esta última resolución conterá a composición da comisión avaliadora, así como o lugar, data e hora de reunión da mesma.

Se non existisen candidatos excluídos o alcalde elevará a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

**9º.- Selección e proposta de nomeamento.**

A designación dos membros da Comisión avaliadora deberá incluír a designación do Presidente, vogais e secretario.

Os membros da Comisión avaliadora deberán posuér un nivel de titulación igual ou superior ó da praza convocada.



## CONCELLO DE ENTRIMO (OURENSE)

Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf: 988434666 Fax: 988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es

Para a válida constitución e actuación da Comisión avaliadora, requirirase a presencia de alomenos tres membros titulares ou suplentes con derecho a voto e sempre a presenza do Presidente e a do secretario.

Facúltase ó Tribunal para resolve-las dúbidas que xurdan e toma-los acordos necesarios para ordenar as probas en todo aquelo non previsto nas presentes Bases.

A Comisión de valoración proporá ao Alcalde o nomeamento do candidato que obteña maior puntuación e esta proposta de nomeamento será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

### 10º.- Nomeamento

Presentada a documentación sinalada no artigo anterior, e sendo a mesma conforme, o alcalde procederá ó nomeamento dos aspirantes seleccionados, e procederá á formalización do contrato laboral correspondente.

Establécese un periodo de proba conforme ó art. 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la lei do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este periodo, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo de contratación que adopte o Alcalde será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñe-los recursos previstos na lexislación vixente.

Quen sen causa xustificada non concorre a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

### 11º.- Formación de bolsa de traballo

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dun traballador destas características, acudirá a dita bolsa seleccionando ao primeiro deles e soamente poderá seleccionar ao seguinte a este, sempre e cando aquel rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar traballando ou enfermo, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria. Así mesmo, pasarase a chamar ó seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada da bolsa non xustifique a documentación requerida nas bases, quedando excluído definitivamente da bolsa.


## RECURSOS.


As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Régime Local.

Entrimo, a 3 de febreiro de 2016.

O Alcalde

Asdo: Ramón Alonso López





CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es

### ANEXO I

Modelo de instancia:

“D./D<sup>a</sup>....., con  
D.N.I....., con domicilio a estos efectos  
en....., e-  
mail..... e nº de teléfono....., expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Entrimo para cubrir, como persoal laboral de duración determinada 2 prazas de peóns para servizos varios, tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):


- Copia cotexada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo.
- Declaración responsable
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos, certificado de empadroamento, xustificación de ser demandante de emprego...)

En....., a ..... de.....de 20

O/A Solicitante

Asdo.:.....”

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ENTRIMO**



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
[concello.entrimo@eidolocal.es](mailto:concello.entrimo@eidolocal.es)

## ANEXO II

Modelo de instancia:

“D./D<sup>a</sup>....., con  
D.N.I....., con domicilio a estos efectos  
en.....,


DECLARO que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incuso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servicio de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do personal laboral, no que fora separado ou inabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de dous peóns para servizos varios, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, en

En....., a ..... de.....de 20  
O/A Solicitante

Asdo.:.....”

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ENTRIMO**



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

D./D<sup>a</sup>....., con  
D.N.I....., con domicilio a estos efectos  
en.....,

DECLARA non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo de peón para servizos varios.

En....., a ..... de ..... de 20  
O/A Solicitante

Asdo.:.....